

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 17 de xaneiro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa María Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Belén Cachafeiro Anta*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente a Viceinterventora, *Susana Escaloni Varela*.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín*, *Javier Tourís Romero* e *Ricardo Martínez Chantada*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34533.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 27 de decembro de 2024.

2.34534.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025. (Expte. 2024072978)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, quere impulsar en colaboración cos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, proxectos, programas e actividades para a consecución da igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero na provincia. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión das axudas que van dirixidas a estes concellos que deberán cumprir os requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións.



Resultando que con data do 20 de novembro de 2024 a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.

Resultando que con data do 8 de xaneiro de 2025 Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 25/250.2315.480.01, considerase correcta, e conta con crédito retido, mediante RC nº 202500003034, por importe de 260.000€.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2025.

Estas bases figuran co CSV- LALYYGE0HYS41PUW.

3.34535.-

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE
PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E
EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON
RADIO PONTEVEDRA, S.A. PARA A ANUALIDADE 2025.
(Expte.2024070453)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 13/09/2024 número 2024007265 foi aprobado o Plan de Comunicación 2025 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros á emisora Radio Pontevedra como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.



A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2025, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do deputado delegado, propón, mediante informe de data 30/10/2024, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. (A36005346) para a anualidade 2025, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 135.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RC nº 202500009493 por importe de 135.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, con data 09/01/2025, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19/12/24, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 26/12/24 informe favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 03/01/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/01/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con Radio Pontevedra, S.A. (A36005346) para a anualidade 2025.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura. O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 135.000,00 euros.

O valor estimado é de 111.570,25 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 6PEQQXNQELYLRDHM) e de prescricións técnicas (CSV: VU7M2PEMDB05JR39) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 135.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.



5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (A36005346), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

4.34536.-

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE
PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E
EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON
LA VOZ DE GALICIA, S.A. PARA A ANUALIDADE 2025. (Expte. 2024078723)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 13/09/2024 número 2024007265 foi aprobado o Plan de Comunicación 2025 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros o xornal La Voz de Galicia como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2025, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do deputado delegado, propón, mediante informe de data 29/11/2024, a contratación da prestación de servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2025, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 200.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RC nº 202500009487 por importe de 200.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.



Tendo en conta que, con data 09/01/2025, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico-administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 16/12/24, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 20/12/24 informa favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 20/12/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/01/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649) para a anualidade 2025.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2025, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 200.000,00 euros.

O valor estimado é de 165.289,26 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: KBHZ80LS44NGIEFQ) e de prescricións técnicas (CSV: 6DMTC3Y6OBVILNEH) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 200.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 25/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa La Voz de Galicia, S.A. (CIF A15000649), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).



5.34537.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EVOLUCIÓN E XESTIÓN DA REDE SMARTPEME E OFICINAS ACELERA PYME RURAL (OAPR). (Expte. 2024002269)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24/10/2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR).

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 27/10/2024. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 28/11/2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa, e a continuación a apertura do sobre B que contén a documentación técnica.

Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir a única empresa que presentou oferta: KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650). Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada do sobre “B” que presentou a empresa KPMG asesores SL aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe de valoración dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor con CSV (WCT5UXPTHUW36H5M) sendo as puntuacións as seguintes:

CRITERIO	Máximo	KPMG Asesores SL
1.- Características da prestación dos servizos	29,00	27,50
Grao de desenvolvemento e madurez da metodoloxía de prestación de servizos	7,00	6.50
Proposta de carteira de servizos	5,00	5,00
Proposta de obradoiros de sensibilización	5,00	4,00
Proposta de actividades complementarias	5,00	5,00
Proposta de observatorio de competitividade provincial	4,00	4,00
Plan de comunicación	3,00	3,00
2.- Control do servizo	12,00	8,50
Órganos de dirección do servizo	2,00	1,00
Metodoloxía de seguimento do servizo	3,00	3,00
Plan de traballo	3,00	2,00
Entregables	1,00	0,50
Plan de calidade	3,00	2,00
TOTAIS	41,00	36,00



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Recibido informe do servizo do Novas Tecnoloxías, con (CSV: WCT5UXPTHUW36H5M), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 05/12/2024, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica do sobre “C”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa KPMG Asesores SL ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas (20,50 puntos) sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con (CSV) Y3L4P9YVX56QM9RL.

Unha vez realizado o exame da oferta presentada pola empresa KPMG Asesores SL, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta de dita empresa presenta un valor anormal ou desproporcionado tendo en conta a oferta no seu conxunto, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Novas Tecnoloxías, mediante informe con CSV (NQSBEETZIP1VYJVE) considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19/12/2024 acordou aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa KPMG Asesores SL e procedeu á valoración dos criterios automáticos sendo as puntuacións obtidas as indicadas no informe emitido polo Xefe do servizo de Contratación con CSV(M028VJPNVJRV36HG) sendo as seguintes:

CRITERIOS AUTOMÁTICOS	Puntuación máxima	Puntuación KPMG Asesores SL
1.- Prezo total ofertado	27,00	26,10
2.- Número total de asesoramentos anuais ofertados	20,00	20,00
3.- Número total de talleres de sensibilización ofertados	5,00	5,00
4.- Acreditación dun sistema de xestión da seguridade da información (UNE-EN- ISO 27001 ou similar ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá os requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato	7,00	7,00
Total	59,00	58,10

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49



En base as citadas puntuacións acordou aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación dos referidos servizos, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.41 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.59 puntos)	Puntuación total
1ª	KPMG Asesores SL	36,00	58,10	94,10

En base á dita clasificación, acordou propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceder á adxudicación do contrato a favor da empresa KPMG Asesores SL., polos prezos e valores ofertados.;

Mediante Resolución Presidencial número 2024009859, de 20/12/2024 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa . KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025000201., de data 02/01/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 60.000,00 € (carta de pago núm. operación 202500008553 do 09/01/2025).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de evolución e xestión da rede Smartpeme e oficinas Acelera Pyme Rural (OAPR) á empresa KPMG Asesores SL (CIF B-82.498.650), polos prezos e valores ofertados, e conforme as seguintes condicións:

1.- Prezo ofertado:

	Prezo unitario ofertado (sen iva)	Prezo unitario máximo (sen iva)	Nº unidades	Total (sen iva) (Prezo unitario *Nº unidades)
Servizo de asesoramento	1.130.000,00 €/ano	1.190.082,64 €	1	1.130.000,00 €/ano
Obradoiros	200 €/obradoiro	264,46 €/obradoiro	150	30.000,00 €/ano
Actividades complementarias	5.000 € / actividade	32.231,41 €/actividade	8	40.000,00 €/ano
TOTAL OFERTADO (SEN IVA)				1.200.000,00 €
IVA (21 %)				252.000,00 €
TOTAL OFERTADO (IVA ENGADIDO)				1.452.000,00 €

2.- Número total de asesoramentos anuais ofertados pola empresa: 2.500 asesoramentos/ano.

3.- Número anual de obradoiros de sensibilización ofertados pola empresa: 200 obradoiros /ano.

4.- Acreditación dun sistema de xestión da seguridade da información (UNE EN ISO 27001 ou similar).

A empresa acredita a disposición dun certificado na xestión da seguridade da información UNE-EN-ISO 27001 ou equivalente ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato.	SI ☒ NON ☐
--	--

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse conforme a distribución que se realice na data de formalización do contrato.


Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

Do importe total, o 15,481 % é financiado pola Entidade Pública Empresarial RED.es adscrita ao Ministerio de Transformación Dixital (fondos PRTR) (Proxecto 92200007 CREACIÓN OFICINAS ACELERA PYME RURAL) e o 84,52% con cargo a fondos propios da Deputación. Non obstante considerando o prazo certo de duración inicial do contrato (12 meses) e a data límite de financiamento subvencionado (29/08/2025), o importe do servizo cofinanciado poderá variar en función da data de inicio do contrato. A estes efectos unha vez determinada a data de inicio do contrato poderá revisarse e, no seu caso, modificarse o coeficiente de financiamento con cargo á subvención.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de expte.:	2024002269	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 10 días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



6.34538.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-0405 A XESTEIRA-ALMOFREI, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+500 (CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE)”. (Expte. 2023042335)

Resultando.- Que con data 13/02/2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade, un convenio de colaboración para a execución do proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (concello de Cerdedo-Cotobade)*” cun importe de 946.599,01 €, IVE incluído.

Resultando.- Que o citado convenio recolle, na súa cláusula sexta, entre as obrigas da Deputación de Pontevedra a de redactar o proxecto técnico para execución das obras referenciadas, así como a licitación, dirección, execución e recepción das mesmas.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión extraordinaria do día 19 de maio de 2023, acordou aprobar definitivamente o proxecto “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”, redactado por Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, cun orzamento base de licitación de 946.599,01 € IVE incluído. O citado proxecto consta no expediente co CSV: W4GVSCLEVP1T8368.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 30 de xaneiro de 2024, acordouse adjudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L.U, (CIF B94181807) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de referencia, por un importe de 905.232,63 €, IVE incluído, a executar no prazo de 6 meses, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 08/03/2024 formalizouse acta de comprobación de replanteo establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 08/09/2024.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19/07/2024, acordou conceder unha ampliación do prazo de execución do contrato por dous meses, como consecuencia da sucesión de condicións climatolóxicas adversas, con efectos dende o día 09/09/2024, sendo a nova data de finalización das obras o día 08/11/2024.

Resultando.- Que mediante informe emitido polo director de obra con data 22/08/2024, o cal consta no expediente con CSV: EQDQHC5YT43QNLNC, solicítase a autorización para a redacción do proxecto modificado da obra “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)*”.

Resultando.- Que o obxecto do proxecto aprobado é definir as obras para a mellora da seguridade viaria do tráfico rodado e de peóns e a construción dunha senda peonil que outorgue ós viandantes un espazo diferenciado exclusivo para o seu uso.



Executarase unha senda peonil de formigón armado a nivel como espazo diferenciado para os usuarios a pé de 2,5m de anchura ó longo da estrada provincial 0405 no seu tramo urbán no lugar de Almofrei. Tamén se crearán dúas zonas de convivencia en zonas nas que non se pode acadar as condicións de seguridade segregando ós usuarios. Por outra parte, fora do núcleo, dende a conexión coa estrada autonómica PO-233 mellorarase a traza da estrada ampliando os radios de xiro para o tráfico rodado e construírse unha cuneta de seguridade de formigón de 1m de anchura e 10cm de profundidade. En canto ó drenaxe, as augas recollidas pola senda, as zonas de convivencia e os terreos que eventualmente vertan nestas serán recollidos por un caz tipo R-30 de sección curva entre a senda e a calzada e sumidoiros conectados a pozos de rexistro de formigón e unha rede de drenaxe subterránea de colectores de PVC que conducirán as augas as ODT e puntos de vertido que dispón a estrada na actualidade. Deixarase unha canalización en previsión de un soterramento da rede de alumeado por parte do concello nas zonas de convivencia e recuaranse os apoios dos servizos que queden dentro das zonas de tránsito. A estrada actual repavimentarase cunha nova capa de rodaxe logo de habela fresado e empregaranse novos paquetes de firme para ampliar a plataforma onde sexa necesario. Co fin de evitar grandes noiros para dar cabida ós espazos que se pretenden construír proxéctanse muros de mampostería granítica de contención e de sostemento nas zonas indicadas nos planos. Tamén se protexerán aqueles muros con altura considerable que poidan ser susceptibles dunha saída de vía.

Resultando.- Que recolle no seu informe o director da obra o seguinte: “(...)Unha vez comezados os traballos de movemento de terras na marxe da estrada provincial, atópanse unha serie de mangueras de abastecemento que subministran auga potable aos veciños de Almofrei, sendo imposible executar os traballos de movemento de terras sen rompelas ó non estar sinalizadas cunha banda sinalizadora, estar enterradas a unha profundidade non constante, non levar unha traza lineal e ser de diámetro pequeno e material plástico (polietileno) [...]. Tras a realización de catas de localización das conducións de abastecemento que se poderían ver afectadas pola obra, conclúese que non se poderá evitar avarías e interrupcións no subministro de auga potable durante a execución da mesma. Non é posible situar con precisión o trazado das conducións por ser irregular en planta e en profundidade. Esta situación obrigaría á execución intermitente da obra facendo desvíos en cada tramo a acometer, sen garantía de evitar cortes de subministro de auga potable aos veciños de Almofrei. Por outro lado, ó estar todas as mangueras nas marxes da estrada actual, co ensanche da mesma quedarán debaixo do futuro carril aglomerado, co risco que iso supón á hora de ter tráfico motorizado por enriba da traza de pequenas mangueras de auga que rompen facilmente, considerando a necesidade de desviar estas mangueras por fora da futura calzada de forma definitiva tal e como están a día de hoxe, e non só de forma provisional para poder executar as obras, evitando así que o día de mañá se teña que levantar parte da nova actuación por avarías de mangueras que quedaron debaixo do firme sen ningún tipo de protección nin enterradas á distancia óptima, en cumprimento en todo momento co especificado nas “INSTRUCCIÓNS TÉCNICAS PARA OBRAS HIDRÁULICAS EN GALICIA (ITHOG). SERIE ABASTECIMIENTO”, no apartado 3. Trazado, onde se especifica que “Salvo excepcións inevitables, os condutos que constitúen a rede secundaria aloxaranse baixo as beirarrúas”, e no apartado 3.1 Trazado en alzado, onde se especifica que “En canto as profundidades mínimas as que se deben instalar as redes de abastecemento, con carácter xeral establece que a xeratríz superior das tubaxes debe quedar a una profundidade mínima ≥ 80 cm se discorren baixo as beirarrúas e ≥ 100 cm se discorren pola calzada, resultando necesario adoptar as medidas de protección necesarias cando, por causas xustificadas, o recubrimento mínimo indicado non puidera respectarse.”



Con esta solución, por un lado se evitarán posibles avarías no subministro de auga potable á hora de realizar as obras, e por outro lado, quedarán todas as mangueras existentes da rede de abastecemento do núcleo poboacional de Almofrei por fora da traza dos vehículos, tal e como estaban antes da actuación, en cumprimento co especificado nas “INSTRUCCIÓN TÉCNICAS PARA OBRAS HIDRÁULICAS EN GALICIA (ITHOG). SERIE ABASTECIMIENTO”. “[...] Debido ó mencionado anteriormente, é necesario introducir unha unidade de obra nova que permita repórter as mangueras de abastecemento por fora da calzada da nova plataforma, plataforma, deixando estas redes baixo a superficie destinada a senda de formigón, cumprindo así as indicacións da normativa vixente, evitando que soporten cargas de vehículos pesados e minimizando a posibilidade de avarías, mellorando e facilitando a súa reparación en caso de actuacións”. “[...] A maiores, co comezo dos traballos de movemento de terras, e tras retirar a terra vexetal existente nos taludes, se observa que a zona de actuación é maioritariamente rochosa, inverténdose as porcentaxes contempladas nas medicións auxiliares do proxecto construtivo, onde se contempla a execución da totalidade dos desmontes necesarios nun 30 % en rocha e un 70 % en terreo natural, realizando catas durante a totalidade do ámbito de obra e observando que practicamente a maioría dos desmontes a executar son en rocha, calculando que a porcentaxe dos metros cúbicos necesarios para a execución dos desmontes serán un 20 % en terreo natural e un 80 % en rocha.”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8C4CKGDTB0ZBW1HY e data 30/08/2024, informe do xefe de Servizo de Contratación, onde se recolle o seguinte: “...A subsección 4ª, da sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, nos seus artigos 203 e seguintes regula as modificacións dos contratos. Esta regulación está baseada no principio de igualdade de trato entre vos licitadores, impondo que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ao formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estas estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores. Corolario do devandito principio contéplase unicamente dúas posibilidades para poder realizar a modificación do contrato: 1. que estean previstas de forma clara, precisa e inequívoca na documentación da licitación. 2. Ou, en caso contrario, que se dean algunha das circunstancias do artigo 205 LCSP e que a modificación non afecte a ningunha condición esencial/substancial da licitación. Na licitación non se contemplou ningunha circunstancia de modificación do contrato, co cal queda descartada dita posibilidade. A segunda posibilidade para modificar o contrato é unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, e require que se adecúe a algunhas das circunstancias previstas no artigo 205 Lcsp. O director de obra recolle no seu informe que a necesidade da modificación derívase de circunstancias que non se puideron prever, e implica unha alteración na súa contía que non excede, aillada ou conxuntamente con outras modificacións, do 50 % do seu prezo inicial, IVE excluído, xa que a valoración económica estimada do modificado ascende a unha cantidade que non excede ó 14,89 % do prezo inicial do proxecto, IVE excluído. Tendo en consideración a limitación do coñecemento técnico en enxeñaría civil e das cuestións técnicas na obra e no proxecto, nos apoiamos nestas conclusións na competencia e afirmacións da directora de obra, non vendo inconvincente a unha posible autorización de redacción do proxecto modificado...”

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/09/2024 acordou autorizar a redacción do proxecto modificado da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”.

Resultando.-Que consta no expediente con CSV: 1LKFP4SVEK9YGYBS informe do director de obra, co que xunta proxecto modificado da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, por un importe de 1.087567,95 € IVE Incluído. A este proxecto asígnóuselle o código CSV: SX21YJOWWPZXZSRZ.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Resultando.- Que no citado informe recóllese que non se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación, non alterándose a natureza global do contrato.

Resultando.- Que recolle tamén que o proxecto modificado límtase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias, contemplando a introdución de novas unidades de obra non previstas, que se se adecúan aos prezos de mercado, baseándose nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato e nos custos que corresponden á data na que tivo lugar a adxudicación, incluíndo acta de prezos contraditorios.

Resultando.- Que segundo se sinala na memoria do proxecto, o orzamento do presente proxecto modificado ascende á cantidade de 898.816,49 €, máis 188.751,46 € relativos ó IVE (21%), resultando un orzamento total de licitación de 1.087.567,95 €, que unha vez aplicada a baixa ofertada polo adxudicatario do 4,37000034 % resulta un orzamento de adxudicación do proxecto modificado de 1.040.041,23 €, IVE incluído, o que supón un orzamento adicional líquido do presente modificado nº 1 de cento trinta e catro mil oitocentos oito euros con sesenta céntimos (134.808,60 €) que representa un incremento con respecto ao proxecto vixente do 14,89%.

Resultando.- Que segundo se recolle no informe do director de obra o prazo necesario para a correcta execución dos traballos contemplados no proxecto modificado será de TRES (3) MESES desde a formalización do expediente modificado, incrementándolle a maiores o restante do prazo contemplado no proxecto orixinal no momento da formalización do expediente modificado.

Resultando.- En canto os excesos de medicións, o director de obra sinala que No momento da redacción deste proxecto modificado, os excesos de medición existentes introdúcense no mesmo, non existindo excesos de medición a maiores dos contemplados no proxecto modificado.

Resultando.- Que consta no expediente conformidade expresa do contratista co proxecto modificado.

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 15/11/2024 acordou ampliar dous meses o prazo de execución do contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/01/2025.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 8C4CKGDTB0ZBW1HY conformidade do Secretario Xeral da Deputación, ó informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación de autorización de redacción do proxecto modificado.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ZZHK5601XD7ZO6M4, informe de fiscalización do proxecto modificado que recolle o seguintes: “... Dado que este investimento é subvencionado ó abeiro do programa DUS 5000, a través do IDAE, débese ter en conta que na resolución de concesión da subvención, concretamente na cláusula “1.ª.c. Condicións de obrigado cumprimento”, establécese que o beneficiario debe comunicar de inmediato ó IDAE calquera modificación das condicións informadas na tramitación da solicitude de axuda. Neste senso, deberase comunicar a modificación do proxecto para o coñecemento da mesma polo IDAE, o cal, dependendo da interpretación do citado organismo, podería derivar nunha variación do gasto elixible e, por tanto, do importe da subvención [...]. A modificación do contrato de obras, condiciónase a que se acredite a dispoñibilidade de tódalas achegas, tal como se sinala no apartado correspondente ó financiamento do presente informe...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: BTXKPDDK9CN4SKCJ informe complementario da Intervención onde que contén o seguinte: “... Consta ingreso do Concello de Cerdedo-Cotobade de data 19 de decembro do 2024 para financiar dita achega por importe de 40.442,58 €, en base o cal, procederase a xerar o crédito necesario na aplicación orzamentaria correspondente a efectos de financiar o proxecto modificado...”.

Considerando.- Que o órgano de Contratación ostenta, de acordo co previsto no artigo 190 da LCSP, a prerrogativa de modificar os contratos celebrados por razóns de interese público, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento.

A devandita prerrogativa supón unha excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes, que rexe nos contratos sinalagmáticos, xa que outorga á Administración a posibilidade de modificar unilateralmente o contrato, impondo dita modificación á empresa contratista.

Considerando.- Que o papel do TXUE foi fundamental para determinar como e con que condicións son conformes ás regras da contratación pública as modificacións das condicións dun contrato. Convén recordar a principal doutrina e as súas prácticas. Podemos afirmar como “leading case” a Sentenza de 29 de abril de 2004 (Socchi di frutta)F26F, onde o Tribunal de Xustiza, aborda en profundidade os límites e requisitos da modificación dun contrato público ó analizar a obriga dos poderes adxudicadores de cumprir cos documentos do contrato: “O principio de igualdade de trato entre os licitadores (...) impón que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades ó formular os termos das súas ofertas e implica, por tanto, que estean sometidas ás mesmas condicións para todos os competidores...”.

O que se pretende coa doutrina desta sentenza, en palabras do propio Tribunal é que: “todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións, co fin de que, por unha parte, todos os licitadores razoablemente e normalmente dilixentes podan comprender o seu alcance exacto e interpretalos da mesma forma e, por outra banda, a entidade adxudicadora poida comprobar efectivamente que as ofertas presentadas polos licitadores responden ós criterios aplicables ó contrato se que se trata”.



Considerando.- Que o principio de igualdade de trato dos licitadores, que ten o obxecto de favorecer o desenvolvemento de unha competencia sana e efectiva entre as empresas que participen nunha licitación pública, exige que todos os licitadores dispoñan das mesmas oportunidades de formulación dos termos das súas ofertas e implica pois que estas se sometan ás mesmas condicións para todos os competidores (sentenza do Tribunal de Xustiza de 29 de abril de 2004, Comisión/CAS Succhi di Frutta, C-496/99 P, Rec. p.I-3801, apartados 109 e 110).

Considerando.- Que o profesor Gimeno Feliu no estudo da *“modificación dos contratos públicos: límites e dereito aplicable”* afirma que a excepcionalidade da prerrogativa foi confirmada sen quebra pola xurisprudencia do TS que configura a modificación contractual como unha facultade reservada para os supostos legais taxados e cuxa interpretación debe recibir un tratamento marcadamente restritivo, xa que, de non ser elo así, infrinxiríase un dos principios básicos do noso ordenamento xurídico recollido polo artigo 1256 do Código Civil, relativo a que o cumprimento dos contratos non pode quedar ó arbitrio dunha das partes.

Nos contratos de obras deben concorrer razóns técnicas imprevisibles no proxecto orixinario e non simplemente defectos o meras imprevisións no proxecto (CEst Dict 50668/1987, 17-6-87; 79/1993, 1-4-93).

Considerando.- Que a Administración ten o ius variandi, que lle permite modificar o contrato unilateralmente cando concorran circunstancias de interese público, por excepción ao principio de inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Trátase dunha potestade regrada que só pode exercerse nos casos e na forma prevista na LCSP, cando a modificación veña determinada por unha razón de interese público debida a causas novas e imprevistas.

Considerando.- Que a modificación acórdase polo órgano de contratación e é obrigatorio para o contratista. As modificacións non poden ser utilizadas como modo de alterar o obxecto do contrato despois da licitación, de modo que se lesione os principios de igualdade, non discriminación e libre concorrência. Só pode modificarse o contrato:

- a) Ben cando así se previu nos pregos. Limitase a previsión de modificación aos pregos tratándose de contratos administrativos (LCSP art.203.2.a), suprimindo a referencia ao anuncio de licitación.
- b) Ben nos casos e cos límites establecidos na LCSP, sen prexuízo dos supostos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, que se rexen polas súas normas propias.

En particular non cabe a modificación para engadir prestacións complementarias ás contratadas, ampliar o obxecto do contrato para finalidades novas non contempladas nos pregos, e incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Considerando.- Que no prego de condicións administrativas que rexe o contrato non se contemplou circunstancias previas que permitisen realizar modificacións do contrato, polo que haberá que acudir ás modificacións non previstas que se recollen nos artigos 205.b) modificación derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles.



Considerando.- Que do informe emitido polo director de obra non se desprende que se queiran engadir prestacións complementarias ás existentes no proxecto.

Considerando.- Que o director de obra sinala que as modificacións que se introducirán son as variacións estritamente necesarias e indispensables de medición de obra para responder á causa obxectiva que fai necesaria a súa redacción.

Considerando.- Os casos que determinan que a modificación se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato:

- a. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puideran prever.
- b. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- c. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, aillada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme ó artigo 205 da LCSP, do 50 por cento do seu prezo inicial IVE excluído.

Considerando.- Que o director de obra sinala que as modificacións que se introducirán son as variacións estritamente necesarias e indispensables de medición de obra para responder á causa obxectiva que fai necesaria a súa redacción.

Considerando.- Que se recolle no expediente, que o proxecto modificado supón un orzamento adicional líquido de cento trinta e catro mil oitocentos oito euros con sesenta céntimos (134.808,60 €) que representa un incremento con respecto ao proxecto vixente do 14,89 %.

Considerando.- Que tamén sinala no seu informe que a modificación non altera a natureza global do contrato, xa que a obra a executar é a mesma, mantéñense as características xerais das obras a executar, e non se modifica o tipo de contrato nin o seu obxecto.

Considerando.- Que para a redacción do modificado haberá que ter en conta o previsto nos artigos do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se transcriben de seguido:

Artigo 102: "...Cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactarase a oportuna proposta integrada polos documentos que xustifique, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia ó contratista e a fiscalización do gasto correspondente..."

Artigo 158: "...Cando se xulgue necesario empregar materiais ou executar unidades de obra que non figuren no proxecto, a proposta do director da obra sobre os novos prezos a fixar basearase en canto resulte de aplicación, nos custos elementais fixados na descomposición dos prezos unitarios integrados no contrato, e en calquera caso, nos custos que correspondesen á data na que tivo lugar a adjudicación..."



O artigo 160 do mesmo texto legal recolle que cando existan variacións sobre as unidades previstas no contrato, sexan diminucións ou excesos de medicións, as mesmas deberán contemplarse no caso que se redacte proxecto modificado.

Artigo 162.2: *“Cando sexa necesaria a execución de unidades novas non previstas no proxecto, o directo de obra elevará ó órgano de contratación as propostas de prezos novos e a repercusión sobre o prazo de execución do contrato. A conformidade por parte do contratista dos novos prezos e a valoración do prazo total da obra será condición necesaria para poder comezar os traballos correspondentes ás unidades novas...”*

Artigo 141.2: *“...Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, esta tramitarase con arranxo ás normas xerais da Lei e deste Regulamento acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso á iniciación dos traballos naquelas partes afectadas polas modificacións previstas no proxecto.*

Considerando.- Que en virtude da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 do “Acordo marco que rexeirá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/01/2024 acordou adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, cun prazo de execución de SEIS (6) MESES:

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que o a ampliarse o prezo de execución do proxecto en TRES (3) MESES, faise necesario adxudicar un novo contrato derivado de seguridade e saúde, proponéndose á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo de execución do contrato modificado da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" por un importe de 2.178,00 € IVE incluído.



Considerando.- O informe emitido pola xefa do Servizo de Fiscalización, (CSV) C18I86LWX4YGRVWO, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2017003642/58, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400233228.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)” por un importe de 1.087.567,95 € IVE incluído. A proxecto asignóuselle o código CSV: SX21YJOWWPZXZSRZ.
2. Modificar o contrato de obras “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)”, establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 1.040.041,23 €.
3. Ampliar o prazo de execución de todas as unidades de obras recollidas na memoria valorada modificada pendentes de executar en TRES (3) MESES , a contar dende o día 08/01/2025, establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/04/2025.

O contratista deberá constituir na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía complementaria por importe de 5.570,60 €.

O contrato modificado deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación deste acordo, condicionados a que polo contratista se constituíra a garantía complementaria.

4. Adxudicar á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na ampliación do prazo de execución do contrato modificado da obra "Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+530 (Concello de Cerdedo-Cotobade)" (Expte. 2024066282), por un importe de 1.085,24 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.800,00 €
IVE (21 %)	378,00 €
Importe total.....	2.178,00 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante TRES (3) MESES polos que se amplía o prazo de execución do contrato de obras do proxecto modificado da obra " Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-0405 A Xesteira-Almofrei, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+500 (Concello de Cerdedo-Cotobade)", con efectos dende o 09/01/2025.



Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024066282.

7.34539.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA
SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9302 XIL-AS COVAS-BARRANTES".
(CONCELLOS DE MEAÑO E RIBADUMIA). (Expte. 2024069327)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 9302 XIL - AS COVAS - BARRANTES que percorre os termos municipais de Meaño e Ribadumia pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.757 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada no tramo comprendido dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 5+757 resulta necesario proceder a reposición das características superficiais do firme e a restitución da capacidade portante do mesmo mediante a reposición do firme en mal estado, mellora da drenaxe lonxitudinal, execución de redutores físico de velocidade e operacións complementarias da reposición da sinalización vertical e horizontal afectada, dando así restitución de un correcto servizo para todo o viario.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)” cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 1.265.773,75 € con cargo á aplicación orzamentaria á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial (número operación 202400232372), certificando a existencia de crédito para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/11/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)” redactado por Dona Belén Camino, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: Q8P8VXKOAWNOQ2JR.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ZU160WOWEL2W0Z1S informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: AUDE8OPZRDBJ9CI2, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a pavimentación do firme existente nun viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)*” cun orzamento base de licitación de 1.265.773,75 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe..... 1.046.094,01 €
IVE (21%)..... 219.679,74 €
Importe Total..... 1.265.773,75 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): VLHEJQJTKPTRSTK7, e de prescricións técnicas con código (CSV) Q8P8VXKOAWNOQ2JR, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.265.773,75 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

8.34540.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+950" (CONCELLO DE PORRIÑO). (Expte. 2024070955)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo publico viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 2502 CERQUIDO - RIBADELOURO que percorre os termos municipais de Salceda de Caselas, Tui e Porriño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 2.527 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o tramo P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 da devandita estrada, no termo municipal de Porriño, presenta problemas na estrada debido o mal estado da drenaxe existente, con tramos con roturas e obstrucións.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)” cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6KIR4O2FXXJPQPJR, informe emitido pola Intervención, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2024070955, existe crédito retido por importe de 311.373,06 € mediante documento RC nº 202400233752.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 29/11/2024 acordou aprobar o proxecto de execución da “Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)”, redactado por Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas, cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: LLYM5SCQTGH45KWP.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: P5JLTNQLRGM0XKB0, informe xurídico emitido polo Secretario Xeral da Deputación.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 0GIOH1WOENGZFPDX, informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente nun viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”.



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da drenaxe na E.P. 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+950 (Concello de Porriño)*” cun orzamento base de licitación de 311.373,06 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	257.333,11 €
IVE (21%).....	54.039,95 €
Importe Total.....	311.373,06 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): M6KE69RER0DBA8N0, e de prescricións técnicas con código (CSV) LLYM5SCQTGH45KWP, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 311.373,06 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01.2024.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



9.34541.-

APROBACIÓN E XERACIÓN DE CRÉDITO DO PROXECTO “PONTE LABORAL” PRESENTADO Á CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO PROMOVIDOS POLAS ENTIDADES LOCAIS, FINANCIADOS POLO PROGRAMA DE EMPREGO, EDUCACIÓN, FORMACIÓN E ECONOMÍA SOCIAL DO FONDO SOCIAL EUROPEO PLUS (FSE+) DO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2021-2027 (RESOLUCIÓN DE 17 DE OUTUBRO DE 2023, DA DIRECCIÓN XERAL DE COOPERACIÓN AUTONÓMICA E LOCAL E ORDE TER/701/2023, DE 20 DE XUÑO POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS). (Expte.2024011489)

Retírase da orde do día pendente de mellor estudo expediente relativo á “Aprobación e xeración de crédito do proxecto “Ponte Laboral” presentado á convocatoria para a selección de proxectos de formación para o emprego promovidos polas entidades locais, financiados polo programa de emprego, educación, formación e economía social do fondo social europeo plus (fse+) do período de programación 2021-2027 (Resolución de 17 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local e Orde ter/ 701/ 2023, de 20 de xuño pola que se aproban as bases reguladoras). (Expte.2024011489)”.

10.34542.-

MODIFICACIÓN DO ENCARGO REALIZADO Á EMPRESA TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P., COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, RELATIVO Á XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DO CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE ARMENTEIRA (CAAN). (Expte. 2023074506)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 3 de xaneiro de 2025 (CSV):QZSUSYGEIC7GEMBE, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emite o seguinte

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, acordou encargar á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteria (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2024 e ata o 31 de decembro de 2025, por un importe de 712.504,81 €/ano (acordo nº 26.33314).

Segundo. Ademais das prestacións habituais que se reflectían no encargo respecto da recollida e coidado dos cans abandonados, durante o ano 2024 estableceuse como novidade a realización da esterilizacións de gatos procedentes das colonias felinas dos concellos da provincia de Pontevedra adheridos ao CAAN; desta forma se daba cumprimento ao disposto no artigo 39.3 da



Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais, que establece a obriga das Deputacións de prestar apoio aos Concellos nesta materia, en relación co sinalado nos artigos 31.2.a) e 36.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que preceptúan como competencias provinciais as de asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade da provincia dos servizos de competencia municipal e a asistencia e cooperación económica, xurídica e técnica ao Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Terceiro. Non obstante o anterior, unha vez iniciada a prestación do servizo detectáronse certas carencias que obrigaron a modificar o encargo, xa que logo as novas competencias municipais que recolle a Lei 7/2023 respecto da xestión dos gatos comunitarios se estenden á alimentación, a identificación e rexistro, a esterilización e a execución de programas sanitarios que inclúen a desparasitación e vacinación dos animais, obrigas cuxo cumprimento requiriron da colaboración da Deputación, ao igual que acontece coa carencia de medios para o traslado dos animais ao CAAN para proceder a súa esterilización.

Todas estas circunstancias aconsellaron modificar o encargo formalizado con TRAGSTATEC para incluír esas prestacións, polo período comprendido entre 1 de agosto e o 31 de decembro de 2024 e por un importe de 134.946,81 € (acordo da Xunta de Goberno nº 19.34034, de 12 de xullo de 2024).

Cuarto. Pois ben, tendo en conta o éxito acadado ata o de agora con esta iniciativa (entre agosto e decembro de 2024 atendéronse 584 gatos, dos cales 574 esterilizáronse, 448 foron desparasitados, 444 identificados, 397 foron sometidos a test diagnósticos de enfermidades infecciosas e 348 vacinados contra as tres enfermidades víricas máis relevantes para a saúde do gato de colonias), e a obriga de seguir dando cumprimento á normativa anteriormente citada, fan necesaria a continuidade da prestación deste servizo durante o ano 2025.

Todas estas circunstancias aconsellan modificar o encargo formalizado con TRAGSTATEC no seu día, que a maiores das xa contempladas inicialmente incluíría as seguintes actuacións:

- a) O mapeo e censo dos gatos do termo municipal, coa colaboración do concello, para unha planificación e control nas esterilizacións acorde ao volume de poboación que se desexa controlar para que resulte eficiente e impida o aumento do número de gatos.*
- b) Execución do programa de capturas, esterilización e devolución dos animais pertencentes á colonia felina aumentando a 1.000 o número de gatos obxecto de actuación (que unidos aos 200 previstos inicialmente, farían un total de 1.200 gatos en todo o ano).*
- c) Programa sanitario da colonia, subscrito e supervisado por un profesional veterinario colexiado, realizando a desparasitación, comprobación sanitaria, vacinación e identificación de cadaquén dos animais capturados.*

A prestación deste servizo sería realizada cos seguintes medios humanos:

Dos auxiliares de clínica, encargadas/os da captura e traslado do animais obxecto de actuación.

Unha/un licenciado en veterinaria que se encargaría da revisión dos animais recollidos, a identificación e rexistro, supervisión da execución do programa sanitario e da esterilización dos animais.



Unha/un auxiliar de clínica que se encargaría de prestar apoio á/o veterinaria/o, así como da execución do programa sanitario.

Ao anterior, se unirían os medios materiais precisos tales como vehículos, gaiolas trampa, anestésicos etc...

Quinto. Co obxecto de establecer un servizo equitativo para todos os concellos adheridos ao servizo, propónse establecer os seguintes criterios:

- Prestación do servizo restrinxida aos concellos adheridos ao CAAN (cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes), e de acordo ao establecido no procedemento relativo á “esterilización de gatos comunitarios recollidos en colonias felinas legalmente establecidas”, publicado na sede electrónica provincial.*
- Establecer unha limitación de animais obxecto de esterilización baseada en criterios de poboación, ao considerarse que o número de individuos presentes nas colonias está directamente relacionado coa poboación humana circundante. Neste sentido, propónse establecer o límite anual de 1 animal cada 200 habitantes nos seguintes tramos, ata acumular o máximo de animais recollidos no orzamento total e sen prexuízo da posibilidade de flexibilizar eses parámetros se hai concellos que non fan uso do servizo e/ou esgotan a súa cota.*

<i>Tramos por poboación</i>	<i>Número máximo de animais a esterilizar por ano</i>
<i>Menos de 5.000 habitantes</i>	<i>25</i>
<i>Entre 5.001 e 10.000 habitantes</i>	<i>50</i>
<i>Entre 10.001 e 20.000 habitantes</i>	<i>100</i>
<i>Entre 20.001 e 40.000 habitantes</i>	<i>200</i>
<i>Máis de 40.001 habitantes</i>	<i>250</i>

Sexto. As actuacións contempladas nesta modificación se prestarían entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025, ascendendo o seu orzamento a 321.916,51 euros segundo a proposta económica adxunta, na que se aplican as tarifas oficiais do GRUPO TRAGSA vixentes na actualidade (Resolución de 15 de abril de 2024, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo da Comisión para a determinación de tarifas de TRAGSA, polo que se aproban as tarifas 2024 aplicables ás actuacións a realizar por TRAGSA e TRAGSATEC para aquelas entidades respecto das cales teña a consideración de medio propio personificado e servizo técnico nos termos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e revísanse os coeficientes para a actualización dos prezos simples en actuacións non suxeitas a impostos).

Deste xeito, o encargo a TRAGSATEC para xestión do CAAN neste ano 2025 ascendería á cantidade global de 1.034.421,32 euros, que se afrontará con cargo á aplicación 25/923.1705.227.07 e as súas vinculacións xurídicas do vixente orzamento provincial.

Sétimo. De acordo co sinalado na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden de entre as materias relacionadas nos apartados 4 e 5 (entre outras, recollida e transporte de animais, actividade agrícola, gandeira e animal, administración e xestión de fincas, centros agrarios, medioambientais, de conservación da natureza, sanidade animal etc.); as súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.



A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporá a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento que será publicado no perfil do contratante da Deputación ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, infórmase favorablemente a modificación do encargo realizado á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, relativo á xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida e protección de animais de Armenteira (CAAN), nos termos expostos”.

Vista a nota de conformidade emitida pola Secretaría Xeral en relación ao citado informe proposta, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe da Intervención Xeral, de data 9 de xaneiro de 2025, favorable á tramitación do presente expediente, no que se reflicte que na aplicación orzamentaria 25/923.1705.227.07 existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao importe total do encargo neste ano 2025, por importe de 1.034.421,32 euros, dos cales 321.916,51 euros corresponden á modificación obxecto da presente proposta (RC nº operación 202500008967).

A vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Modificar o encargo realizado á empresa TRAGSATEC S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, relativo á xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida e protección de animais de Armenteira (CAAN), de conformidade co informe anteriormente transcrito e a proposta económica que figura no expediente co CSV: Q3XMCQKIJJ0GZ9QA.

Segundo. Comunicar a modificación do encargo á empresa TRAGSATEC S.A.S.M.E.M.P, aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Terceiro. Publicar o presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo.



11.34543.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE PARA O “CTO. GALEGO DE BARCO DRAGÓN”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 08/11/2024. (Expte.2024038890)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 03/05/24 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 (expediente 2024024468). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 92 do 10/05/24.

Segundo.- En data 03/06/2024 Félix José Lamas Gondar, en representación do CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE (NIF: G36015634) presenta solicitude para o “Cto. Galego de Barco Dragón”, achegando un orzamento da actividade por importe de 4.130,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 08/11/24 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 223 de 15/11/2024 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competición ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2024 e no que figura o CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE (NIF: G36015634) e na contía de 474,09 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 19/12/24 Félix José Lamas Gondar, en representación do CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE (NIF: G36015634) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida dado que o orzamento presentado xa está xustificado coas aportacións do concello de O Grove e axuda privada.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 27/12/24 a renuncia presentada polo CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE (NIF: G36015634).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CLUB MARÍTIMO, DEPORTIVO E CULTURAL BREOGÁN DE O GROVE (NIF: G36015634) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 474,09 € para a realización da actividade da “Cto. Galego de Barco Dragón” (documento co CSV: UWFTR4HLKPB9SSBF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

12.34544.- DAR CONTA DA SEGUNDA E TERCEIRA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE AGARDA DO PROGRAMA + BENESTAR 2024. (EXPTE. 2023045216)

ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. A Xunta de Goberno, na sesión celebrada o 12 de abril de 2024, aprobou as bases reguladoras do programa “+ Benestar” 2024, modificadas posteriormente na sesión ordinaria do 26 de xullo de 2024 (BOPPO número 158, de 14 de agosto de 2024).

Segunda. Este programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depotermal), ten como finalidade facilitarles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou *spas*) e, ao mesmo tempo, ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

Terceiro. O plan + Benestar pon en marcha un programa con 2.127 prazas nos seguintes termos:

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 €)
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00€)

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.



Cuarto. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 5 de setembro de 2024 e tramitados todos os expedientes os datos, aprobouse por Resolución Presidencial núm. RP2024007692 de 2 de outubro de 2024 a relación provisional de persoas admitidas e a relación provisional de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión. O 3 de outubro de 2024, publicouse no BOPPO núm. 193 o anuncio relativo a publicación dos listados concedendo as persoas solicitantes un prazo de 5 días hábiles para poder emendar os defectos da súa solicitude. O prazo de emenda foi do 4 ao 10 de outubro de 2024.

Quinto. Mediante Resolución Presidencial núm. 2024008168 de data 18 de outubro de 2024, aprobouse a relación definitiva de persoas admitidas, excluídas, a adxudicación de prazas e a lista de agarda. O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 212 do 30 de outubro de 2024.

Sexto. Mediante Resolución Presidencial número RP2024008967 do 20 de novembro de 2024, aprobouse a corrección de erro con referencia a solicitude presentada por D. Angel Meliton Lemos Fernández (NIF: ***4092**), ao ser incluída indebidamente na lista de agarda (nº 418), polo que non se tivo en conta no momento da primeira adxudicación, aceptouse a renuncia de 34 persoas con praza adxudicada, adxudicáronse as 34 prazas vacantes ás primeiras 33 persoas integrantes da lista de agarda e a Angel Meliton Lemos Fernández (NIF: ***4092**) que se atopaba na posición nº418 e actualizouse a lista de agarda.

Sétimo. Con data 14 de novembro de 2024, Intervención emite informe favorable conforme ao informe-proposta do servizo de Benestar Social (CSV: P1S614DSWEZS0TFQ).

Oitavo. Mediante Resolución Presidencial número RP2024009919 do 26 de decembro de 2024, aceptouse a renuncia de 42 persoas con praza adxudicada, aprobouse a modificación da concesión de praza de réxime xeral a réxime especial ás seguintes persoas a A.D.S, M.A.H.D e M.P.D.H; cada persoa tiña concedida unha praza por importe de 100,00 euros de subvención polo que se reservaron 3 prazas de réxime xeral vacantes por renuncia para poder subvencionar o total de praza de réxime especial (400,00 euros) a cada unha delas e adxudicáronse 33 prazas vacantes as primeiras 33 persoas integrantes da lista de agarda.

Noveno. Con data 19 de decembro de 2024, Intervención emite informe favorable conforme ao informe-proposta do servizo de Benestar Social (CSV: 7QTL8J9W6ICQQBWT).

LEXISLACION APLICABLE

- LRBRL e LALG.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- LPACAP.
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Bases de execución do Orzamento provincial.
- Orzamento provincial



PROPOSTA DE ACORDO:

De acordo co exposto, e tendo en conta a normativa citada, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Dar conta da aprobación da 2º adxudicación de prazas por Resolución Presidencial número 2024008967 do 20 de novembro de 2024.

Segundo. Dar conta da aprobación da 3ª adxudicación de prazas por Resolución Presidencial número 2024009919 do 26 de decembro de 2024.

Terceiro. Dar conta da actualización da lista de agarda do programa + Benestar 2024.

Figuran asinados no expediente da convocatoria :

- 2º adxudicación de prazas do programa (CSV QN520052XP2U9JVVW)
- 3ª adxudicación de prazas do programa (ZAMHEQZD59VAB0OA)
- Lista de agarda actualizada a 4 de decembro de 2024 (CSV L0QVXB2HECZ2NGI5)

13.34545.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO RELATIVO Á SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. ANUALIDADE 2025. (Expte. 2024076082)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“15.34479.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARIA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. Anualidade 2025 (Expte. 2024076082)”.

Detectados erros aritméticos no contido acordo relativo a tarifa D10.1 transcritas no mesmo compre efectuar a seguinte corrección en base ao establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que dispón que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



A vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

UNICO.- Corrixir os erros detectados no acordo de 13 de decembro de 2024 relativo a “15.34479.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL. Anualidade 2025 (Expte. 2024076082)”, de tal forma que, na parte expositiva onde pon:

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.996,04 €, segundo a seguinte desagregación:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	Total
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	499,50 €	0,00 €	499,50 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							282.581,80 €	67.414,24 €	349.996,04 €

Debe poñer:

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.993,82 €, segundo a seguinte desagregación:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	Total
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	497,28 €	0,00 €	497,28 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							282.579,58 €	67.414,24 €	349.993,82 €

En consecuencia na parte dispositiva do acordo onde pon:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	Total
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	499,50 €	0,00 €	499,50 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							282.581,80 €	67.414,24 €	349.996,04 €



O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.996,04 € segundo a desagregación anterior.

Debe poñer:

Obxecto	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	Total
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
Rexistro e dixitalización (superior a DIN A4)	D10.1		8,88 €	0,00 €	56	0	497,28 €	0,00 €	497,28 €
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)	(...)
TOTALES							282.579,58 €	67.414,24 €	349.993,82 €

O Custo global máximo estimado que corresponderá soportar esta Deputación –ORAL no próximo exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas, ascende a un total 349.993,82 € segundo a desagregación anterior.

14.34546.- APROBACIÓN DE DIVERSAS FACTURAS DA EMPRESA UTE TEPRIL-INOR (CIF: U70506118) CORRESPONDENTES ÓS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE REALIZADOS EN VARIAS OBRAS DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS. (Expte.2024083268)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes:

I. ANTECEDENTES:

Primeiro.- Na sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2016, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou adxudicar o contrato relativo a “Asistencia técnica en materia de seguridade e saúde das obras da Deputación de Pontevedra” á UTE Tepril, Técnicas de prevención de Riesgos Laborales, S.L. (CIF: B15.719.776) – Ingeniería del Noroeste, S.L. (CIF: B15.128.832).

O contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a UTE Tepril, Técnicas de prevención de Riesgos Laborales, S.L. (CIF: B15.719.776) – Ingeniería del Noroeste, S.L. (CIF: B15.128.832) en data 24 de novembro de 2016 establecéndose na súa cláusula terceira que a duración do contrato será de 2 anos desde a data de formalización do mesmo podendo prorrogarse por 2 anos máis. Con data 20 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno aprobou unha prorroga excepcional con efectos 24/11/2020 e ata a adxudicación do novo contrato formalizado en data 22/01/2021.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
 Cargo: Presidente
 Data: 27/01/2025 08:29

 Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
 Cargo: Secretario
 Data: 24/01/2025 13:49

Segundo.- Con datas 11 e 13 de novembro de 2024, a empresa UTE TEPRIL-INOR, presenta as facturas que se detallan no seguinte cadro polos traballos realizados nos anos 2020 e 2021.

Nº Factura	Asunto factura	Importe sen IVE	Importe con IVE	Fin de obra
13	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2. Zona Centro (Expte. 2017040163)	8.748,12 €	10.585,23 €	22/01/2021
2024/18	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Mellora da seguridade viaria na intersección entre a E.P. 1201 Marín-Penizas e a E.P. 1202 Seixo-Santo Tomé de Piñeiro (Marín) (Expte. 2016043951)	342,16 €	414,01 €	30/11/2021
2024/23	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 1. Zona Norte (Expte. 2017040163)	10.873,59 €	13.157,04 €	22/01/2021
2024/24	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona Sur (Expte. 2017040163)	9.226,90 €	11.164,55 €	22/01/2021
37/2024	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 1. Zonas 7 e 9 (Norte) (Expte. 2020007920)	521,49 €	631,00 €	11/02/2021
2024/42	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Reposición de alumeadado público do polígono industrial Outeda-Curro das zonas A e B (Expte. 2020031177)	136,65 €	165,35 €	15/02/2021
2024/49	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2. Zona 4 (Centro) (Expte. 2020007920)	321,96 €	389,57 €	11/02/2021
2024/50	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona 5 (Sur) (Expte. 2020007920)	86,35 €	104,48 €	11/02/2021
2024/54	Servizo de Coordinación de S. e S. no contrato: Obra de emerxencia para a construción de muro de contención na E.P. 2601 MosPuxeiros, no P.Q. 3+000 (Mos) (Expte. 2020057077)	256,26 €	310,07 €	23/04/2021
Importe total		30.513,48 €	36.921,30 €	

Terceiro.- Analizadas as facturas presentadas, os seus importes e as datas de finalización das obras nas que desenvolveu a coordinación de seguridade e saúde, determínase que se debe proceder ao abono das mesmas xa que a empresa prestou satisfactoriamente os servizos contratados e que se corresponden coas facturas relacionadas.



Cuarto.- Os gastos derivados destas facturas correspóndense a exercicios pechados e, polo tanto, non se poden tramitar polo procedemento ordinario.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 37/1992, de 28 de decembro, do imposto do valor engadido.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- De conformidade co previsto no artigo 26.2.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, aplicaranse aos créditos do Orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto establecido no artigo 47.5 requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 19/12/2024, e da Intervención Provincial de data 20/12/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as facturas contempladas na seguinte relación:

Nº Factura	Data Factura	Obra	Importe sen IVE	Importe con IVE
13	19/08/2024	Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2. Zona Centro (Expte. 2017040163)	8.748,12 €	10.585,23 €
2024/18	31/10/2024	Mellora da seguridade viaria na intersección entre a E.P. 1201 Marín-Penizas e a E.P. 1202 Seixo-Santo Tomé de Piñeiro (Marín) (Expte. 2016043951)	342,16 €	414,01 €
2024/23	31/10/2024	Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 1. Zona Norte (Expte. 2017040163)	10.873,59 €	13.157,04 €
2024/24	31/10/2024	Servizo de conservación ordinaria da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona Sur (Expte. 2017040163)	9.226,90 €	11.164,55 €
37/2024	31/10/2024	Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 1. Zonas 7 e 9 (Norte) (Expte. 2020007920)	521,49 €	631,00 €
2024/42	31/10/2024	Reposición de alumeadado público do polígono industrial Outeda-Curro das zonas A e B (Expte. 2020031177)	136,65 €	165,35 €
2024/49	31/10/2024	Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2. Zona 4 (Centro) (Expte. 2020007920)	321,96 €	389,57 €
2024/50	31/10/2024	Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 3. Zona 5 (Sur) (Expte. 2020007920)	86,35 €	104,48 €
2024/54	31/10/2024	Obra de emerxencia para a construción de muro de contención na E.P. 2601 MosPuxeiros, no P.Q. 3+000 (Mos) (Expte. 2020057077)	256,26 €	310,07 €
Importe total			30.513,48 €	36.921,30 €

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49


2. Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da obriga por un importe total de 30.513,48 euros, con cargo á aplicación non orzamentaria 419.10 (099.143).

A emisión das facturas unha vez transcorrido máis dun (1) ano desde a prestación do servizo conleva para a empresa a perda do dereito a repercutir o IVE á Deputación (art. 88.4 LIVA).

3. Ordenar o libramento do importe de 30.513,48 euros a favor da empresa UTE TEPRIL-INOR (CIF: U-70506118).
4. Dar traslado do presente acordo á Intervención Provincial, ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao Gabinete da Presidencia e á empresa adxudicataria.

15.34547.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22/11/2024, POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2024. (Expte. 2024041514)

O 29 de novembro de 2024 (REX_WEB2024074817) a FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA interpón recurso de reposición contra o acordo. Da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, tomado na súa sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024 no que se desestima a solicitude de subvención da FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA para o financiamento da 1ª COPA ESPAÑA DE SPRINT OLÍMPICO.

O 17 de decembro de 2024 a Xefa do Servizo de Turismo emite informe xurídico sobre o recurso de reposición, cuxo tenor literal é o seguinte:

‘I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 24 de maio de 2024, acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 107 de 3 de xuño de 2024 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O 7 de xuño de 2024 a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA presenta 4 solicitudes de subvención (REX_WEB2024038501, REX_WEB2024038504, REX_WEB2024038506, REX_WEB2024038512).



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

O 10 de xuño de 2024 a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA solicita a través dunha instancia xenérica a anulación das solicitudes presentadas o 7 de xuño e presenta unha nova solicitude (REX_WEB2024038818). Esta solicitude é complementada a través de instancias xenéricas os días 10 de xuño (REX_WEB2024038834), o día 27 de xuño (REX_WEB2024042852) e o día 1 de xullo (REX_WEB2024043558).

Dado que na solicitude da subvención presentada, o interesado non se opoñe a que esta Administración consulte o Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), o día 5 de agosto consúltase dito certificado dando un resultado negativo.

Trala comprobación da documentación, se lle require a corrección dos erros detectados na solicitude o día 9 de agosto de 2024 (NOT2024020355).

O 19 de agosto de 2024 a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA achega documentación contestando o requirimento (REX_WEB2024052727) onde achega un certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

O 6 de novembro de 2024 a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA achega novamente un certificado da AEAT (REX_WEB2024067671) tras a explicación telefónica dos casos emendables de débedas tributarias.

O 18 de novembro de 2024 o órgano instrutor do procedemento emite informe sobre as solicitudes presentadas.

O 19 de novembro de 2024 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 19 de novembro de 2024 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instrutor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpran cos requisitos da convocatoria.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 22 de novembro de 2024 acordou desestimar a solicitude da FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA por non estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.

O acordo da Xunta de Goberno foi notificado aos interesados mediante publicación no BOPPO nº 231 de 27 de novembro de 2024.

O 29 de novembro de 2024 (REX_WEB2024074817) a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA interpón recurso de reposición contra o citado acordo.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva para o fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2024.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O desistimento da solicitude acórdase pola situación da FEDERACION GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) dado o certificado negativo obtido por esta Administración o día 5 de novembro de 2024.

O 29 de novembro de 2024 (REX_WEB2024074817) a FEDERACION GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA interpón recurso de reposición alegando que non se teñen en conta os certificados achegado e solicita que se revise novamente a documentación achegada por esta.

Á vista das alegacións infórmase o seguinte:

Primeira.- Sobre as débedas tributarias e a condición de entidade beneficiaria.

De conformidade coa normativa legal aplicable e liña xurisprudencial maioritaria, considérase pola Intervención da Deputación Provincial de Pontevedra que a existencia dunha débeda ou incumprimento da obriga de presentación dunha liquidación/ auto liquidación obrigatoria que da lugar á expedición dun certificado negativo, non é un defecto emendable desde un punto de vista obxectivo ou material, isto é, mediante o pagamento ou presentación da declaración/ autoliquidación correspondente no período da emenda.

Os supostos de emenda admisibles sería os correspondentes coa acreditación da existencia dun erro na expedición do certificado, por non existir a débeda en executiva (por estar autorizado o fraccionamento ou aprazamento por exemplo), ou por tratarse dun modelo tributario non esixible ao interesado. Neste sentido se o interesado achega un documento expedido pola Administración que corresponda, acreditativo de dito extremo, entenderíase emendado o defecto advertido.

Noutros supostos e salvo casos excepcionais, coa debida ponderación do principio de proporcionalidade, consideramos que non se pode entender emendada esta circunstancia coa incorporación ao expediente dun certificado positivo de data posterior á do incumprimento.



Segunda.- Respecto dos requirimentos.

O 9 de agosto de 2024 se envía un requirimento indicando que:

- “(...) Unha vez examinada a solicitude detectáronse os seguintes defectos e/ou omisións que deberá de achegar:*
- Documento acreditativo do carácter oficial do evento deportivo reconecido polos organismos competentes.*
 - Non está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, deberá presentar certificado de estar ao corrente*
 - Ampliación de memoria coas actuacións a desenvolver segundo o modelo dispoñible, cubrindo cada un dos apartados.(...)”*

Dado a falta de aclaración respecto das situacións que son emendables nos casos de non estar ao corrente coas obrigas tributarias e visto a contestación do solicitante, decídese explicarlle por vía telefónica a situación e os casos nos que este motivo de exclusión é emendable.

Terceira.- Respecto dos certificados presentados.

Ao longo do procedemento e tras o primeiro requirimento a FEDERACION GALEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA presenta os seguintes certificados acreditativos de estar en cumprimento das obrigas tributarias.

- Certificado con carácter positivo do 14 de agosto de 2024 (REX_WEB2024052727).*
- Certificado con carácter positivo do 6 de novembro de 2024 (REX_WEB2024067671).*

Polo que, se ben é certo que o interesado presenta certificados en tempo, ambos os dous son de data posterior ó de incumprimento, polo que facendo referencia o apartado primeiro, non se poden entender como emendada a circunstancia que provoca o desistimento da solicitude.

Cuarta.- Respecto da documentación adxunta co recurso presentado.

O interesado adxunta a maiores dos certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) enviados con anterioridade, un novo certificado do 28 de novembro do 2024 o cal certifica que se encontraba, en data do 5 de agosto de 2024, o corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). En canto á documentación presentada no recurso de reposición, se entende que este último certificado non se pode ter en conta, xa que como se indica no artigo 118.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “(...)Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente, ao ter podido achegalos na tramitación de alegacións, non o fixera. (...)”.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a resolución deste recurso de reposición é a Xunta de Goberno, en aplicación do artigo 123 LPAC.



CONCLUSIÓN

A xuízo do Servizo de Turismo, os motivos nos que se fundamenta o recurso de reposición deben ser rexeitados e o recurso debe ser desestimado, ratificando o acordo tomado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 22 de novembro de 2024.”

Visto o anterior,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Resolver de conformidade co informe transcrito e desestimar, polos motivos sinalados no mesmo, o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno (7.34389) tomado na súa sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024 no que se desestima a solicitude de subvención da FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA para o financiamento da 1ª COPA ESPAÑA DE SPRINT OLÍMPICO.
2. Notificar a FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA este acordo, con indicación dos recursos que, no seu caso, procedan.

16.34548.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO CONTRATO DO “SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DOS SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2024069131)

A Deputación de Pontevedra, para poder exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón dunha infraestrutura de sistemas e comunicacións propia mediante a que se prestan os servizos relacionados coas tecnoloxías da información, en diante TIC, aos cidadáns e aos propios funcionarios da institución.

Esta infraestrutura está xestionada polo Servizo de Novas Tecnoloxías. Polo tanto, recae baixo a súa responsabilidade o soporte da mesma, así como a supervisión, detección e diagnóstico de calquera problema de hardware ou software que poida producirse. Todo iso co obxectivo de previr e minimizar calquera posible impacto ou degradación na calidade do servizo.

Para garantir estas prestacións requírese a contratación dun servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida (SAI), como requisito fundamental para garantir a dispoñibilidade e continuidade dos servizos TIC da institución provincial.

O equipamento SAI da Deputación, grazas á súa capacidade de almacenamento de enerxía, pode proporcionar enerxía eléctrica durante un corte de subministración eléctrica a todos os equipos e sistemas que teña conectados á vez que prevén e minimiza os danos no equipamento de sistemas e electrónica de rede da institución provincial.



O xefe do servizo de Novas tecnoloxías, informa que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, ademais de non poder contar coa opción de substitución de pezas. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

En base ao exposto, con data 18/10/2024, o xefe do servizo de Novas tecnoloxías xunto coa conformidade da Deputada Delegada en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita Providencia de inicio para a contratación do Servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 4 anos dende a data de formalización do mesmo, sen preverse ningunha prórroga, e un orzamento base de licitación IVE engadido de 328.573,36 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa co csv ZPRFIW330XFRRHMT, para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto (servizo-subministro) e que para a determinación das normas que rexerán a adxudicación do mesmo atenderase ao carácter da prestación principal sendo ésta a de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19/11/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, co csv 4DE7I8X5H5K40WNJ.

Visto que con data 3/12/2024 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 9/01/2025, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliados mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que con carácter xeral deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.



A duración do contrato establécese por 4 anos dende a súa formalización, recolléndose no prego o reaxuste das anualidades, en función de cando se produza a formalización do contrato.”.

Tendo en conta o artigo 18 1. a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos os que comprendan prestacións propias de dous ou mas contratos (de servizos ou subministros), atenderase ao carácter da prestación principal.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do “Servizo de soporte e mantemento dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación de Pontevedra” polo importe total 21% de IVE engadido de 328.573,36€.

O prazo de duración do contrato será de 4 anos, contados dende a data de formalización do contrato. Non se establece a posibilidade de prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 328.573,36 euros.

O valor estimado é de 271.548,24 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: ZXLAJP38BUQXKOF4), de prescricións técnicas (CSV: 5JY9T99RL151TYPW) que rexerán dita contratación e os Anexos Inventario de equipos co csv 5K04V0UT0S39EDPA e Anexo II centros da Deputación de Pontevedra co csv 5EV1QDRLCRPC4SKB.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 328.573,36 euros, de acordo coa seguinte distribucións por anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/926.9260. 227.23	82.143,34 €
2026	26/926.9260. 227.23	82.143,34 €
2027	27/926.9260. 227.23	82.143,34 €
2028	28/926.9260. 227.23	82.143,34 €

Os importes correspondentes as anualidades 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

4.- Nomear responsable do contrato ao, Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 naturais, contados desde a data do envío do anuncio a Oficina de Publicacións da Unión Europea.

17.34549.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO PARA O PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (Expte.2024044506)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 05 de decembro de 2024, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de prevención e control da lexielose nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 09 de decembro de 2024. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26 de decembro de 2024, procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:

- COSAPLAG, S.L.U (NIF: B94074861)
- KINDLING, S.L. (NIF: B36930154)
- SANIASTUR, S.L. (NIF: B33065251)
- TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231)

Os valores ofertados pola empresa admitida constan no certificado da mesa de contratación con CSV 841SNOP67EKW6HBJ.

Resultando.- Que unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre único correspondente aos criterios de valoración automática de conformidade co indicado nos pregos, as puntuacións obtidas son as seguintes:

Empresa	Puntuación
TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231)	100,00 puntos
COSAPLAG, S.L.U (NIF: B94074861)	81,707 puntos
KINDLING, S.L. (NIF: B36930154)	64,832 puntos
SANIASTUR, S.L. (NIF: B33065251)	40,697 puntos

Resultando.- Que unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na mesma sesión do día 26 de decembro de 2024, acordou aprobar a clasificación das ofertas presentadas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adjudicación do contrato a favor da empresa TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231), proposta como adjudicataria, co número de inscrición 6787, figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas.



Resultando.- Que con data 3 de xaneiro de 2025, o secretario da Mesa de Contratación requiriu á empresa TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o envío da comunicación electrónica do requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2025001526, de data 10 de xaneiro de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de efectiva disposición de medios persoais e materiais e solvencia. Asemade, consta no expediente constitución de garantía definitiva por importe de 985,00 euros (carta de pago número 202500008556, de data 08 de xaneiro de 2025).

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Que , por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de “*Servizo de prevención e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra.*” á empresa TRAGAL, S.L. (NIF: B36028231) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo sen IVE: 19.700,00 €

IVE (21 %): 4.137,00 €

Prezo co IVE: 23.837,00 €

O prazo de duración do contrato será de un ano, a contar dende a data de formalización do mesmo. Prevenese3 prórrogas de 1 ano de duración cada unha.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, correspondentes á anualidade de 2025:

Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	25/232.2312.227.99	8.175,50 €
XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO - A LANZADA	25/233.3370.227.99	2.059,52 €
MUSEO PROVINCIAL	25/333.3330.227.99	1.235,73 €
MEDIO AMBIENTE - FINCA MOURISCADÉ	25/410.4120.227.99	1.567,05 €
MEDIO AMBIENTE - FINCA SOUTOMAIOR	25/410.4100.227.99	1.235,73 €
ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO	25/413.4123.227.99	1.235,73 €
TURISMO RÍAS BAIXAS	25/433.4320.227.99	967,09 €
INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	25/456.4530.227.99	1.746,14 €
SERVIZOS CENTRAIS	25/920.9200.227.99	1.235,73 €
COOPERACIÓN	25/942.4330.227.99	1.576,00 €
SERVICIO DE ASISTENCIA INTERMUNICIPAL - CAAN	25/923.1705.227.99	1.567,05 €
ORAL	25/932.9320.227.99	1.235,73 €

Forma de pagamento: PARCIAL

O pago á empresa adxudicataria realizarase mensualmente contra a presentación dunha factura por centro xestor, polos traballos efectivamente realizados no mesmo durante o mes vencido e sinalado na factura.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Centro Príncipe Felipe:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable: LA0006135



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29**Xuventude e Reto Demográfico:**

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0029878	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA000 6135

Museo Provincial:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Medio Ambiente:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006119	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Finca Mouriscade:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Estación Fitopatolóxica Areeiro:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006121	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Turismo Rías Baixas:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
 Cargo: Presidente
 Data: 27/01/2025 08:29

Infraestruturas e Vías Provinciais:

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Arquitectura (Servizos Centrais):

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006124	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Cooperación cos municipios:

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Asistencia Intermunicipal (CAAN):

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006129	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

ORAL:

Administración:	L02000036 P36000000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024044506	
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

 Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
 Cargo: Secretario
 Data: 24/01/2025 13:49


Responsable do contrato:

Trátase dun servizo transversal para Deputación, polo que os responsables do contrato serán os xefes de servizo ou persoa na que estes deleguen dos seguintes centros:

- Centro Príncipe Felipe.
- Xuventude e Reto Demográfico.
- Museo de Pontevedra.
- Medio Ambiente.
- Estación Fitopatolóxica Areeiro.
- Turismo Rías Baixas.
- Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Servizos centrais.
- Cooperación.
- Centro de Acolida de Animais Abandonados (CAAN).
- ORAL

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

18.34550.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte. 2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno- Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/02/2024 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de CUARENTA E CINCO (45) DIAS, na execución do contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 5I8BE8EDZKMP0OKB documento do libro de ordes da obra, no que o director de obra na data 15/03/2024 anota na folla nº1 diversas instrucións para o contratista relativas á execución das unidades de obra que quedan por executar.

En particular recolle o libro de ordes que se lle advertiu tanto verbalmente como por escrito que non se autoriza o asfaltado da estrada no p.q. 0+530, mentres o contratista non remate o muro da marxe esquerda a p.q.+ da ponte. Recollese tamén que o muro de contención do terraplén deberá alcanzar a cota da zahorra, así como cal debe ser a súa lonxitude. Ademais a zahorra deberá alcanzar resultados favorables nas placas de carga previo ó asfaltado, advertindo de que de rematar a obra sen atender ás instrución da Dirección de obra, a acta de recepción será desfavorable. Recórdase tamén que a obra atópase fora do prazo de execución, con levando a demora na execución por causa imputable ó contratista, a imposición das respectivas penalidades establecidas na normativa de contratación. Destas instrucións dáselle traslado ó contratista o día 15/03/2024, constando documento o efecto no expediente con CSV: DUFKZTJJH8JDIH8I.

Resultando.- Que na data 01/04/2024 a Dirección de Obra apuntou na folla nº2 do libro de ordes que o contratista na data 25/03/2024 procedeu ó asfaltado da estrada na zona da ponte do p.q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente.

Recolle a anotación no libro de ordes tamén que no momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos, dando a instrución de retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis amplía e terminar o muro de contención segundo o indicado na folla nº1 do libro de ordes.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NN3ALIYS03Q7W7XG acta de reunión mantida na data 05/04/2024 entre o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o Director de Obra e o Xefe de Obra da empresa Moncosa OHS, S.A., na que o director de obra expúxolle ó xefe de obra a situación da obra, así como as anotacións realizadas no libro de ordes nas data 15/03/2024 e 01/04/2024 que xa foran comunicadas á empresa e as instrucións nelas dadas.



Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

Recolle a citada acta, que á vista dos antecedentes, se lle indica ó xefe de obra o seguinte:

- Non procede o abono da zaborra artificial estendida na zona da ponte do P.Q. 0+530, por alcanzar valores insuficientes nos módulos de compresibilidade nos ensaios realizados de placa de carga, tal e como figura no informe de control de calidade da empresa CYE Control y Estudios.
- Non procede o abono do aglomerado estendido na zona da ponte do P.Q. 0+530, por realizarse o seu estendido sobre unha zaborra artificial non admisible e non aprobada polo Director do Contrato.
- Dado que o contratista non procedeu á terminación do muro da marxe esquerda a P.Q.+ da ponte e a zaborra estendida non é admisible, no momento no que se recepcione a obra estenderase acta de recepción desfavorable, indicándose na acta o prazo que se determinará para corrixir os defectos observados.

Resultando.- Que con data 14/05/2024 o director de obra emitiu informe de recepción da obra, que consta no expediente con CSV: A1LZSRKOKI71819H, recollendo táboa de medicións, informando ademais do seguinte “[...]. Á data da redacción deste informe, tras sucesivos requirimentos realizados pola Dirección de Obra ó contratista para subsanación de incorreccións, estes non foran atendidos e existen varias unidades de obra da zona da ponte do P.Q. 0+530 con deficiencias, sendo estas as seguintes: A zaborra artificial non cumpre os ensaios de placa de carga, o muro de contención a PQ+ marxe esquerda está sen rematar e o aglomerado estendido non chega ata o límite do dominio público viario nin a PQ- na marxe dereita nin a PQ+ na marxe esquerda prexudicando con ilo a seguridade viaria, ademais está estendido sobre unha zaborra artificial non admisible e preto dun muro de contención sen rematar. No caso da zaborra artificial, tal e como consta no expediente, a Dirección de Obra advertiulle en innumerables ocasións ó contratista, que os ensaios de placa de carga non cumprían os valores mínimos e que non se autorizaba o estendido do aglomerado mentres a zaborra artificial non acadase resultados admisibles e mentres non se rematase ata coronación o muro de contención do terraplén da marxe esquerda a PQ+ da ponte do 0+530. Sen embargo o contratista fixo caso omiso ás instrucións que lle deu a DO tanto de maneira verbal, como por escrito en sucesivos e-mails e na anotación N°1 do Libro de Ordes. En vista do cal, a DO procedeu a facer un requirimento na folia N°2 do Libro de Ordes e un segundo requirimento na reunión do 5 de abril de 2024. O contratista se negou a firmar as anotacións N°1 e N°2 do Libro de Ordes e a acta da reunión do 05/04/2024, pero consta no expediente o envío do contido de tódolos documentos ó correo electrónico do xefe de obra da empresa adxudicataria. Por outra parte constan reclamacións dos 2 propietarios das 2 fincas privadas situadas na marxe dereita da ponte. No caso da finca situada a PQ- consta unha reclamación por escrito e no caso da reclamación do propietario da finca situada a PQ+ a reclamación foi verbal. En ambos casos os propietarios solicitan que se retire o material pedregoso procedente da escavación na ponte do 0+530 para que as fincas queden na mesma situación inicial, manifestando ambos que foi depositado pola empresa contratista sen consentimento previo. O prazo inicial da obra era de 4 meses, posteriormente tramitáronse dúas ampliacións de prazo (unha de 2 meses e outra de 45 días naturais), así como unha suspensión do prazo da obra de 25 días naturais, de maneira que o prazo final da obra rematou o 8 de marzo de 2024. Sen embargo os últimos traballos realizados na obra datan do 19 de abril de 2024. O retraso acaecido dende o 8 de marzo de 2024 ata o 19 de abril de 2024 débese a causas imputables ó contratista..”

Resultando.- Que con data 21/05/2024 asignase acta de recepción desfavorable, debido a que existen elementos ou aspectos non executados ou executados incorrectamente, susceptible de emenda no prazo concedido ao contratista. Consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP.



Resultando.- Que con data 22/05/2024 emitiu o director de obra informe complementario á acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: 61ZJPD282VN12506. Nel recóllense as instrucións dadas ó contratista para subsanar as deficiencias, concedéndolle un prazo de 2 meses para tal fin. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que con data 24/07/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra escrito do contratista onde expón as deficiencias que arranxou, solicitando unha nova recepción da obra, para comprobar as melloras realizadas.

Resultando.- Que con data 30/07/2024 formalizouse entre todas as partes, unha nova acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP. Nela recóllese que se constata que as deficiencias detectadas previamente non foron enmendadas, concluíndo que aquelas non se atopan en bo estado e non se axustan ás condicións previstas no contrato, existindo novamente elementos non executados ou executados incorrectamente susceptibles de enmenda.

Resultando.- Que con data 01/08/2024 o director de obra emitiu informe ampliatorio á acta de recepción desfavorable, no que se detallan todas as deficiencias que existen na obra e o contratista non arranxou correctamente que dan lugar a que a recepción sexa novamente desfavorable. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1P6K6SVI0XTWPPL3 novo escrito do contratista no que pon de manifesto na boa execución da obra, solicitando o abano dos traballos de construción do muro da marxe esquerda da estrada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6HLOBBMOSJ1IK8FM informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: “... O contrato de obras configúrase como un contrato de resultado, debendo o contratista finalizar as obras a satisfacción da administración axustándose ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto e das que foi coñecedor o contratista na licitación. A pesar das numerosas instrucións dadas polo Director de obra, e do prazo extraordinario concedido na recepción de obra, o contratista non mostra vontade de corrección das unidades que non cumpren cos mínimos de calidade esixidos polas normas. Considerando que os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou resolución, e que o artigo 243.3 Lcsp sinala cando as deficiencias non permitan declarar o contrato cumprido na súa totalidade, a esta administración só queda declarar a resolución. A resolución forma parte das prerrogativas da administración, debendo instruírse un procedemento con audiencia ao contratista, e que conte cos informes do Secretario e intervención a; así como, do Consello Consultivo de Galicia, sendo preceptivo a súa solicitude, pero non vinculante en caso de oposición polo contratista. O procedemento debe finalizarse no prazo de 3 meses máximo desde o seu inicio, tendo unha serie de efectos engadidos coma e a incautación da garantía, así como a indemnización a administración de danos e prexuízos [...]”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/10/2024 acordou Iniciar o procedemento de resolución do contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, conferíndolle ó contratista un prazo de dez días hábiles para facer as alegacións que estimara oportunas.



Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do Rexistro xeral da Deputación na data 19/11/2024 (REX_WEB2024071590), pon de manifesto a súa oposición á resolución do contrato.

Resultando.- Que recibidas as alegacións no prazo establecido, emitiu o preceptivo informe o responsable do contrato. Dito informe consta no expediente con CSV: JPH8GQX5O5P9SIUO.

Resultando. Que consta no expediente con CSV: N9BF7SI4FCQQ8Y9H informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación, coa conformidade do Secretario, sobre as alegacións formuladas polo contratista e a proposta de resolución do contrato, que recolle o seguinte: *“...tendo especial consideración o exposto no informe do director de obra, visto que a empresa alega a concorrencia dunha causa de resolución non invocada por esta Administración, e non achega ningún elemento novo que permita apartarse do criterio seguido para iniciar a resolución do contrato, semella procedente desestimar as alegacións formuladas pola empresa no trámite de audiencia, e resolver o contrato ao abeiro dos artigos artigo 243.3 e 211.1.f) da LCSP. Non en tanto, previa a decisión que, non seu caso, acorde ou órgano de contratación, deberanse recadar os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, e en cumprimento dúas artigos 12.g) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e 19.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o ditame do Consello Consultivo de Galicia...”*

Resultando.- Que consta no expediente conformidade do Secretario Xeral da Deputación ó informe anteriormente citado.

Resultando.- Que con data 10/12/2024 presentouse no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Rexistro entrada 2024/3468168) solicitude do preceptivo ditame ao Consello Consultivo de Galicia, remitíndolle o referido expediente xunto coa correspondente proposta de resolución contractual.

Resultando.- Que con data 10/01/2025 (Rexistro entrada 2025000382) o Consello Consultivo de Galicia devolve o expediente, sen emisión de ditame, para que a Deputación proceda á súa emenda coa incorporación de informe da Intervención provincial.

Resultando.- Que, con data 13/01/2025, incorpórase ao expediente dilixencia de fiscalizado e conforme por parte da Intervención da Deputación ao expediente de resolución contractual referenciado.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

Considerando.- Que o contrato poderá extinguirse por calquera das causas de resolución enumeradas nos artigos 211 e 306 da LCSP. Neste punto, queda constatado no expediente que a empresa MONCOSA OHS, S.A. incumpriu o contrato debido á persistencia de defectos graves na obra que non foron emendados conforme á acta de recepción, afectando gravemente o obxecto do contrato e xustificando a súa resolución. Considerando.- Que dita circunstancia constitúe unha das causas de resolución previstas no artigo 211.1 da LCSP, que no seu apartado f) establece como tal o incumprimento da obriga principal do contrato.



Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 27/01/2025 08:29

Considerando. – Que os contratos deberán cumprirse a teor das súas cláusulas, art.189 Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas, como son a de interpretar os contratos, resolver as dúbidas para o seu cumprimento, declarar a responsabilidade do contratista, acordar a resolución do contrato e os efectos desta. (art. 190 Lscp).

Considerando.- Que o artigo 209 da LCSP dispón que os contratos se extinguiran polo seu cumprimento ou por resolución. O cumprimento será a forma normal da extinción de contrato, cando chegue a executarse na súa integridade por parte do contratista e a satisfacción da administración, de acordo con as coas condicións obrigacionais que previron nos pregos, proxecto e no contrato.

Considerando.- Que o artigo 210 da LCSP dispón que “o contrato se entendera cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo con os termos do mesmo e a satisfacción da administración, a totalidade da prestación”.

Considerando.- Que a execución dos contratos desenvolverase, sen prexuízo das obrigacións que correspondan ao contratista, baixo a dirección, inspección, e control do órgano de contratación, o cal poderá ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convido, tal e como establece o artigo 210 LCSP, artigo 941 e 2 do RGTRLACP.

Considerando.- Que de conformidade co previsto no artigo 210.2 LCSP a constatación do cumprimento esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato.

Considerando.- Que seguindo o previsto no artigo 243.3 LCSP ante as deficiencias que non permite declarar que o contrato esta cumprido na súa totalidade a satisfacción da administración, só queda a esta administración declarar a resolución do contrato.

Considerando.- Que polo que respecta ao procedemento, de conformidade cos artigos 212 e 213 da LCSP, a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta Lei establézase. Os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo xeral de tres meses establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), ao declararse non conforme coa orde constitucional de competencias (Sentenza do TC 68/2021, de 18 de marzo) o prazo máximo de oito meses establecido para resolver estes expedientes no artigo 212 LCSP.

Considerando.- Que en canto ao procedemento de exercicio da referida prerrogativa de resolución, regúlase no artigo 191 e na disposición adicional terceira, apartado 8, da mesma Lei, segundo os cales deberá darse audiencia ao contratista, sendo preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando formule oposición. O acordo que adopte o órgano de contratación porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo, sendo preceptivo o informe xurídico de Secretaría.

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - ***0694**
Cargo: Secretario
Data: 24/01/2025 13:49

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Acordar a seguinte proposta de resolución para o seu ditame polo Consello Consultivo de Galicia:
 - 1.1. Desestimar as alegacións formuladas pola empresa MONCOSA OHS, S.A. (CIF A15050958) contra acordo da Xunta de Goberno número 7.34330 de data 31/10/2024 que acorda o inicio do procedemento de resolución do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.
 - 1.2. Resolver o contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” subscrito coa referida empresa, ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 243.3 e 211.1. letra f) da LCSP.
Dita causa motivase nos feitos postos de manifesto nas actas de recepción, de datas 21/05/24 (CSV: ZCTDXETPMAZAILDP) e 30/07/24 (CSV: RR08QMGZ4TOG7QYJ); e nos informes do director de obra, de data 14/05/24 (CSV: A1LZSRKOKI71819H); data 22/5/24 (CSV: 61ZJPD282VN12506); data 01/08/24 (CSV: ZACSJXDMEQ9KAZLJ); e data 18/09/24 (CSV: 8VXH LOR4ZNNBUO61).
2. Elevar, unha vez emendada, esta proposta de resolución contractual por incumprimento por parte da empresa contratista ao Consello Consultivo de Galicia, aos efectos de que se emita e remita o correspondente ditame preceptivo.
3. Suspende, de conformidade co artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo de tres meses, contados desde o acordo de iniciación de resolución contractual, con que conta a Administración para resolver e notificar o procedemento, polo tempo que medie entre a solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia (que será comunicado á empresa contratista) e a súa recepción por parte da Administración (que será igualmente comunicada).

19.34551.- COMUNICACIÓNS
Non houbo.

20.34552.- FÓRA DA ORDE DO DÍA
Non houbo.

21.34553.- ROGOS E PREGUNTAS
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Actal. que dou fe.

